



Guía de Xustificación

PEL REACTIVA

CONCELLO DE CAMARIÑAS

INDICE

- **Quen pode xustificar**
- **Prazo de xustificación**
- **Obrigas que deben cumprir as empresas**
- **Gastos subvencionables**
- **Xustificación na sede electrónica**
 - Onde se xustifica
 - A documentación da xustificación
- **Anexos**
 - Anexo A.1. [Declaracións responsable de cumprimento de obrigas](#)
 - Anexo A.2. [Cadro resumo de xustificación](#)
 - Anexo A.3. [Memoria xustificativa de obras e reparacións](#)
 - Anexo A.4. [Autorización para consulta de datos](#)
 - Anexo A.5. [Declaración de obtención de axudas](#)
 - Anexo A.6. [Cartel xustificativo de publicidade da axuda](#)

INFORMACIÓN BASES DE CONVOCATORIA

Quen pode xustificar

- As persoas autónomas e microempresas que aparecen [na lista-xe](#) publicada na [Resolución Definitiva](#) de Concesión do Concello de Camariñas, que foi publicada no Boletín da Provincia da Coruña, BOP NÚMERO 32, de 18 febreiro de 2021.

PRAZO de xustificación: ata o **31 de marzo** de 2021

Obrigas que debe cumprir as empresas subvencionadas

As obrigas están definidas no [Base 14 "Obrigas das persoas beneficiarias das Axudas"](#) das reguladoras da axuda

Para a publicidade o cartel oficial pode descargalo neste [enlace](#)

Para xustificación destas obrigas podes descarga a declaración responsable neste [enlace](#)

- Os/as beneficiarios/as están obrigados a **PERMANECER EN ALTA** no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos ou no que, no seu caso, corresponda da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou no caso das microempresas, **E MANTER A MESMA FORMA XURÍDICA ATA 31 MARZO DE 2021.**
- **[Dar publicidade](#)**, usando o **cartel descargable** desde o anterior enlace, e que debe de figurar expresamente **nun lugar visible do centro de traballo**. A mesma publicidade realizarase nun lugar preferente nas redes sociais e na páxina web da empresa, segundo os casos.
- **Declarar a obtención doutras subvencións ou axudas** procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais e acreditar que a suma de todas elas non supera o límite de 40.000 €.
- **Comunicar de inmediato ao concello calquera modificación** que puidera afectar a algún dos gastos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte do Departamento responsable das axudas.

- **Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin** para o que foi concedida, axustándose aos termos establecidos nas Bases e na convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- **Conservar os documentos xustificativos** da aplicación da subvención recibida, incluídos os documentos electrónicos, que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- **Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal** e a súa publicación de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal
- **Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e de finalidade** suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello, como outros órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios.
- Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello.
- **Someterse ao control financeiro**, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.
- **Cumprir coa normativa de mínimos** e non superar os límites establecidos na normativa para o seu sector, se esta resultase de aplicación.



GASTOS SUBVENCIONABLES

AS FACTURAS E XUSTIFICANTES DE GASTOS SUBVENCIONABLES

Deberan asinarse electrónicamente pola empresa beneficiaria da axuda

Os gastos subvencionables deben ter sido realizados **dende o 1 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2020**. Tanto as facturas como os comprobantes de pagamento deben estar comprendido neste período.

Os gastos subvencionables son os que aparecen na seguinte táboa e deberán estar vinculados claramente coa actividade económica subvencionable e a empresa subvencionada.

Conta	Conceptos subvencionables
601	Compra de material Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
621	Arrendamentos e canons Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo <i>*O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Así mesmo, exclúense os espazos de coworking.</i> <i>*O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.</i>
622	Reparación e conservación Adaptación de locais ás medidas de protección fronte á COVID-19 (biombos de protección, etc.). Gasto directo
625	Primas seguros Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes.. Gasto directo
628	Subministracións Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

GASTO DE ARRENDAMENTO DE LOCAL. Debe xustificarse coa copia do contrato de arrendamento, facturas nas que conste o enderezo do local e xustificante bancario de pagamento destas facturas.

A XUSTIFICACIÓN

Conta cun **Anexo A.2** para resumir os datos de facturas e comprobantes do pagos realizados ata o 30 de decembro de 2020
Podes [descargar aquí este anexo](#)

A declaración xurada do [Anexo A.1](#) inclúe que o arrendamento cumpre cos requisitos establecidos na orde e que aparecen no cadro de conceptos subvencionables.

No caso de multiactividade no mesmo local, sempre que unha das actividades fose do Grupo I, debe xustificarse documentalmente os metros cadrados adicados indubidablemente á actividade subvencionada ou a porcentaxe desta actividade na empresa.

A MEMORIA XUSTIFICATIVA podes descargar neste [enlace](#) un modelo

GASTO DE REPARACIÓN E CONSERVACIÓN. Deben quedar vinculados claramente ao local da actividade subvencionada e que corresponden á adaptación ás medidas de protección fronte ao COVID. Polo que deberá acompañarse dunha breve [memoria xustificativa](#) (picar no enlace) onde se indique a finalidade destas actuacións e que se corresponden cos gastos subvencionables.

PRIMAS DE SEGUROS. Seguros sobre o local empresarial ou a actividade subvencionable. Debe remitirse xustificante de pago onde apareza o número de póliza e xuntar copia da póliza onde quede evidenciado o local ou actividade asegurada.

GASTO DE SUBMINISTRACIÓN. Deben estar vinculados aos locais da actividade e/ou aos vehículos comerciais ou industriais da empresa. No caso dos vehículos deberase demostrar esta vinculación (matriculación a nome da empresa, rotulación, acreditación de servizos ou clientes fora do municipio,...)

O importe da subvención debe xustificarse con:

- **Facturas electrónicas e xustificante dos pagos** realizados (electrónicamente), ou facturas escaneadas e documentos contables de valor probatorio equivalente.
- No caso de que as facturas non teñan os conceptos de gasto debidamente especificados, deberán entregar un **documento aclaratorio do seu contido**, que debe axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.
- Tense que xuntar o **Anexo A.2** que resume os datos de facturas e comprobantes de pagamento bancarios.

No caso dos gastos de ata 150 €, pode xustificarse o seu pagamento có RECIBÍN do perceptor inserido no propio documento de gasto.

Os gastos superiores a 150 € requiren documento xustificativo: transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou outro medio bancario. Sempre que quede identificada ordeante (perceptora subvención) e beneficiario/a (provedor). Debe corresponderse co nº de factura ou cantidades das facturas.

No caso de xustificar unha cantidade inferior á concedida, **abonarase a cantidade xustificada.**

*Xustificación de gastos.
Debe enviarse asinadas as
facturas e os comprobantes de
pagamentos con data do
período subvencionable*

XUSTIFICACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA

ONDE SE TRAMITA?



- Unicamente na [sede electrónica do Concello de Camariñas](#). Podes acceder tal como se mostra nas imaxes laterais ou directamente neste [enlace](#). Podes acceder á tramitación si tes sinatura electrónica instalada no ordenador ou si accedes polo [sistema cl@ve](#).
- A documentación xustificativa debe remitirse como **Documentación complementaria facendo constar os datos identificación da empresa ou autónomo/as que xustifica**. XUSTIFICACIÓN PEL REACTIVA DA EMPRESA NOME E APELIDOS/NOME COMERCIAL tal como a solicitou.
- TODA A DOCUMENTACIÓN DEBE ESTAR **ASINADA ELECTRÓNICAMENTE** (facturas, documentos, xustificantes, certificados...).
- O PRAZO de xustificación remata o **31 de marzo de 2021**, ás 14:00 horas,

A DOCUMENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN

LEMBRE
Toda a documentación que se suba á sede electrónica debe ser asinada dixitalmente

- O prazo para xustificar os gastos subvencionas terá como data máxima o **31 de marzo de 2021**.
- Toda a **documentación adicional** que se relaciona a continuación, **deberá asinarse electrónicamente** :
 - **Anexo A.1** – [Declaración de cumprimento de requisitos e obrigas](#)
 - **Anexo A.2**- [Conta xustificativa onde quede rexistrado os datos dos documentos que se achegan \(facturas e xustificantes de pagamento\)](#)
 - **Anexo A.3**- [Memoria xustificativa de obras de reparación ou conservación \(no caso de xustificar estes gastos\)](#)
 - **Anexo A.4**- [Autorización para consulta de situación da empresa](#) coa Tesoureira da Seguridade Social, Axencia

Para a publicidade o cartel oficial pode descargalo neste [enlace](#)

*Pode autorizarse ao Concello de Camariñas para consultar os datos de estar sen débedas nas administracións
Podes descargar o documento de autorización [neste enlace](#)*

EN TODO CASO SEMPRE DEBERÁ PRESENTAR A EMPRESA O XUSTIFICANTE DE ESTAR AO CORRECTE COA AXENCIA TRIBUTARIA GALEGA (ATRIGA)

Tributaria de España, Deputación da Coruña e Concello de Camariñas

- [Declaración de axudas](#) obtidas por outras administracións/entidades
- XUSTIFICANTE **PUBLICIDADE REALIZADA** conforme á Base 14ª, punto 10 das bases de convocatoria. Deberá xuntar un documento asinado electrónicamente coas imaxes da publicidade realizada así como os enlaces e pantallazos da publicidade en redes sociais e web, segundo os casos.
- **Copias de facturas e comprobantes** de pagamento asinados dixitalmente de tódolos gastos xustificados.
- No caso de seren necesario, xuntarase **documento aclaratorio do contido das facturas** e os conceptos subvencionables
- **Xustificante de manterse en alta** de autónomos e ter a mesma forma xurídica no caso de microempresas
- **Xustificantes de non ter débeda** coa Tesoureira da Seguridade Social, Axencia Tributaria de España Deputación da Coruña e Concello de Camariñas [ou autorización de consulta](#). No caso da **Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)**, débese presentar un certificado de non ter débedas con esta.
- No caso de **GASTOS DE ALUGUER**: copia do contrato asinado electrónicamente.
- No caso de **GASTOS DE VEHÍCULOS**: xustificantes de estar vinculado á actividade subvencionable.
- No caso de **MULTIACTIVIDADE**: documentos que determinen a porcentaxe ou peso das actividades subvencionables sobre o total de actividades da empresa.
- No caso de **SEGUROS**: copia asinada electrónicamente da póliza na que apareza dirección de local ou actividade asegurada.

Ao rematar de subir a documentación á Sede Electrónica, deberase proceder á PRESENTACIÓN.

ANEXOS

- **Anexo A.1-** [Declaración responsable do cumprimento de requisitos e obrigas.](#)
- **Anexo A.2.** [Conta xustificativa onde quede rexistrado os datos dos documentos que se achegan \(facturas e](#)
- **Anexo A.3-** [Memoria xustificativa de obras de reparación ou conservación \(no caso de xustificar estes gastos\)](#)
- **Anexo A.4-** [Autorización para consulta de situación de non débedas coas administracións](#)
- **Anexo A.5.** [Declaración de axudas obtidas](#)
- **Anexo A.6.** [Cartel publicidade concesión axuda](#)

ANEXO A.1

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DE REQUISITOS E OBRIGAS

Don/Dona _____ con DNI/NIE

_____, en representación da empresa

_____ con CIF/NIF

_____,
con enderezo en _____

Parroquia _____ de Camariñas

En relación coa subvención **CONCEDIDA da axuda PEL REACTIVA 2020 do Concello de Camariñas** convocadas ao abeiro do PEL-REACTIVA. FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

DECLARA

- Que cumpre e se compromete a cumprir coas obrigas das persoas e empresas beneficiarias da subvención, relacionadas na **Base 14 “Obrigas das persoas beneficiarias das Axudas”** das reguladoras da axuda solicitada
- Que permanecerá **ATA 31 MARZO DE 2021** en alta no Réxime Especial da Seguridade Social de Traballadores por Conta Propia/ Autónomos da Seguridade Social ou en Mutualidades profesionais ou, no caso das microempresas, a manter a mesma forma xurídica,.
- Que con posterioridade ao 31 de marzo remitirá ao CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificante de non ter débedas contraídas coa Tesoureira da Seguridade Social, Axencia Tributaria de España, Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), Deputación da Coruña e Concello de Camariñas. Pudendo autorizar a este último para consulta destes datos excepto para o xustificante de ATRIGA, que obrigatoriamente deberá enviar tanto na data de xustificación como con posterioridade ao 31 de marzo.
- Que no caso de presentar xustificantes de aluguer de local, declara que o arrendamento do local do negocio ou instalacións, non forma parte da vivenda da persoa solicitante nin é un espazo compartido con outra empresa e non existe relación de parentesco ata 2.º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin é socio/a ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a e que tampouco é un espazo de coworking.
- Que como empresa beneficiaria, terá a disposición do Concello de Camariñas os documentos que lle sexan requiridos para a verificación do cumprimento de obrigas e requisitos da subvención concedida e proporcionará, no seu caso, canta información lle poidan solicitar os servizos de control interno municipal do concello. Someterase tamén ao control financeiro, ben sexa exercido polo órgano interventor municipal, ben polo órgano interventor da Deputación.
- Que queda informado/a de que o incumprimento dos requisitos necesarios ou dos deberes asumidos como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu desfrute ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador, conforme ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións así como cantas responsabilidades de toda orde puidesen derivarse

Asinado electrónicamente na data e hora da sinatura dixital

Anexo A.3

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE OBRAS E REPARACIÓNS

Don/Dona _____ con DNI/NIE
_____, en representación da empresa
_____ con CIF/NIF
_____,
con enderezo en _____ Parroquia
_____ de Camariñas

OBRAS/ REPARACIÓNS REALIZADAS.

Enderezo completo do local:

Descrición das obras/reparacións:

Xuntar imaxes do resultado das obras/reparacións

Total gasto xustificado

XUSTIFICACIÓN DA ADECUACIÓN ÁS MEDIDAS DE PROTECCIÓN FRONTE Á COVID-19

Asinado electrónicamente na data e hora da sinatura dixital

ANEXO A.4

AUTORIZACIÓN PARA CONSULTAS DE DATOS

Don/Dona _____ con
DNI/NIE _____, en representación da empresa
_____ con CIF/NIF
_____,
con enderezo en _____
Parroquia _____ de Camariñas

En relación coa subvención **CONCEDIDA da axuda PEL REACTIVA 2020 do Concello de Camariñas** convocadas ao abeiro do PEL-REACTIVA. FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

Autoriza ao Concello de Camariñas á consulta dos seus datos para xustificación de non ter débedas contraídas con

- Tesoureira da Seguridade Social
- Axencia Tributaria de España
- Deputación da Coruña
- Concello de Camariñas

Asinado electrónicamente na data que se especifica na sinatura dixital



**EMPRESA BENEFICIARIA DA AXUDA
PEL REACTIVA
CONCELLO DE CAMARIÑAS 2020**



Concello de
Camariñas